

Expediente	2025021262
Asunto	Solicitud de acceso a información pública
Trámite	Resolución presidencial de inadmisión de solicitud de acceso a información pública

O deputado delegado de Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Con data 02/04/2025 foron recibidas a través do modelo normalizado dúas solicitudes de acceso a información pública de *****, con CSV: e co seguinte alcance:

Solicitud con código de rexistro WEB2025024915 e CSV: {

"Ostentando a condición de interesado no proceso selectivo en curso para cubrir tres prazas de administrativo/a da rama tributaria, encadradas na escala de administración xeral, subescala administrativa e integradas no grupo C1 (CL2024M) – quenda libre, ó amparo dos dereitos que ostento recoñecidos na Lei 19/2013 e na lei 39/2015, e considerados os informes do servizo de RRHH e formación e da unidade de transparencia en relación con outro procedemento sustancialmente similar (sen que implique a aceptación ou rexeitamento de todo ou parte do exposto nos mesmos), e acolléndome ademáis a potestade de non motivar esta solicitud. Solicítase: copia electrónica auténtica dos dous exercicios correspondentes as dúas mellores notas acadadas polos opositores no segundo exercicio do amentado proceso selectivo () censurando os datos de carácter persoal."

Solicitud con código de rexistro WEB2025024967 e CSV:

"Ostentando a condición de interesado no proceso selectivo en curso para cubrir 5 prazas de administrativo/a de admon xeral, correspondente á convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas e postos de vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral fixo de Deputacion de Pontevedra incluídas nas OEP dos anos 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024. (CL2024M), ó amparo dos dereitos que ostento recoñecidos na Lei 19/2013 e na lei 39/2015, e considerados os informes do servizo de RRHH e formación e da unidade de transparencia en relación con outro procedemento sustancialmente similar (sen que implique a aceptación ou rexeitamento de todo ou parte do exposto nos mesmos), e acolléndome ademáis a potestade de non motivar esta solicitud. Solicítase: copia electrónica auténtica dos dous exercicios correspondentes as dúas mellores notas acadadas polos opositores no segundo exercicio do amentado proceso selectivo () censurando os datos de carácter persoal."

Tendo en conta que o contido material das referidas solicitudes é de homoxénea natureza procédese á análise conxunta das mesmas.

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) no seu artigo 12 establece que todas as persoas teñen dereito a acceder á información

pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, recoñecendo así a titularidade do dereito de acceso a "todas as persoas" en termos similares aos expresados no citado artigo 105.b) da CE, que recoñece a "os cidadáns" o acceso aos arquivos e rexistros administrativos.

Pola súa banda, a información pública, é definida no artigo 13 da mesma norma, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións". Por tanto, a Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque elaborouna este ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas.

Entrando no ámbito obxectivo das peticións do interesado, estas veñen referidas ao acceso á copia electrónica dos seguintes documentos:

- Solicitude con código de rexistro WEB2025024915 e CSV: *****
 - Resolucións dos segundos exercicios de ***** e *****

- Solicitude con código de rexistro WEB2025024967 e CSV: ***** :
 - Resolucións dos terceiros exercicios de *****

Analizando o elemento subxectivo da solicitude resulta relevante precisar, con carácter previo, que a documentación cuxo acceso se solicita vai referida a dous procesos selectivos en curso para cubrir prazas e postos vacantes no cadro de persoal funcionario e laboral fixo da Deputación de Pontevedra incluídas na convocatoria 2024000013 das OEP dos anos 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024 (CL2024M), polo que ao respecto da aplicación da LTAIBG, e en base ao establecido no primeiro apartado da DA1ª da citada norma (*A normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesado nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo*) resulta determinante establecer se o solicitante ostenta a condición de interesado nos mesmos pois dita condición implica o desprazamento da LTAIBG cando concorre acumulativamente coa existencia dun procedemento en curso.

Con respecto a esta cuestión, mencionaremos que o artigo 53.1 da LPAC recoñece o dereito dos interesados a acceder aos documentos dun procedemento administrativo no que conserven dita condición.

No asunto analizado resulta esencial sinalar que as solicitudes van referidas aos segundos exercicios dos candidatos con mellor puntuación relativos ao proceso selectivo para cubrir tres prazas de administrativo/a da rama tributaria e ao proceso selectivo para cubrir 5 prazas de administrativo/a de administración xeral encadrados na convocatoria da Deputación de Pontevedra con código

(CL2024M) e que segundo se desprende da documentación correspondente a estes procesos selectivos publicada na web da Deputación de Pontevedra o solicitante non superou o primeiro exercicio en ningún dous procesos selectivos sobre os que solicita acceso.

Polo tanto, a súa exclusión do procedemento, non estando esta impugnada, ten como consecuencia a extinción da condición de interesado ao perder o solicitante a relación directa co obxecto do procedemento. A estes efectos pódese citar a STC 38/2010 onde se establece que *"o interese lexítimo caracterízase como unha relación material unívoca entre o suxeito e o obxecto da pretensión, de tal forma que a súa anulación produza automaticamente un efecto positivo (beneficio) ou negativo (prexuízo), actual ou futuro, pero certo, debendo entenderse tal relación referida a un intereses en sentido propio, cualificado e específico, actual e real (non potencial ou hipotético). Dito de outro modo, trátase da titularidade potencial dunha vantaxe ou dunha utilidade xurídica, non necesariamente de contido patrimonial, por parte de quen exercita a pretensión, que se materializaría de prosperar esta. Logo para que exista interese lexítimo a actuación impugnada debe repercutir de eito claro e suficiente na esfera xurídica de quen acude ao proceso."*

En consonancia con isto, na STS 21 de xuño de 2021, (rec.7173/2019) recóllese que o aspirante que non impugna a súa exclusión do procedemento perde o seu interese lexitimador con respecto as fases posteriores do proceso.

Tendo en conta o sinalado a exclusión do solicitante do proceso selectivo determina, en sustancia, a perda da súa condición de interesado e convirte en abstracta a súa solicitude de acceso ao expediente, pois o solicitante carece dun beneficio actual ou certo no procedemento en curso, polo que non sería de aplicación o previsto no artigo 53.1 da LPAC, e por conseguinte tampouco rexería o establecido na DA1º da LTAIBG.

Deste xeito, cómpre analizar o dereito de acceso á información unha vez determinada a aplicación da LTAIBG que consagra a preveza do dereito subxectivo a obter a información e correlativamente o deber de entrega, salvo que concorran causas xustificadas que limiten tal dereito, ás que se refiren os artigos 14 e 15 da LTAIBG, así como polos supostos de inadmisión do artigo 18 da LTAIBG.

Sobre este punto, cómpre indicar que a persoa solicitante formulaba con data 20 de xuño de 2024 unha petición de acceso, substancialmente similar á que agora nos ocupa, que se resolvía autorizando o acceso a maior parte da documentación solicitada (enunciados de probas selectivas de diferentes exercicios) denegando o acceso aos dous segundos exercicios de redacción de tema e os dous exercicios de supostos prácticos correspondentes as dúas mellores notas do proceso selectivo CL2022J OPES 19-20-21-22, 9 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO C1 en aplicación do previsto no artigo 15.3 LTAIBG.

En liña co anterior, a información obxecto de petición de acceso pertence á documentación elaborada por dous aspirantes en relación cos segundos exercicios de dous procesos selectivos non finalizados, tal e como indica o propio solicitante nos seus escritos.

Con independencia de que a persoa solicitante solicita o acceso "*censurando os datos de carácter persoal*" no presente caso existe unha clara probabilidade de reidentificación dos individuos en función do contexto e a natureza de los datos.

Neste senso, como xa indicado na resolución de acceso indicada precedentemente, un acceso anonimizado aos exames de dous candidatos identificados nun procedemento de concorrencia competitiva, como o que nos ocupa, é moi probable que permita, igualmente, identificar as persoas que realizaron as probas, pois incluso indirectamente pode haber elementos que permiten a singularización do seu titular; no sentido de illar ou diferenciar determinada información duns participantes de outros.

Tendo en conta que as calificacións dos diferentes exercicios foron obxecto da preceptiva publicación na sede da Deputación de Pontevedra e no Boletín Oficial da Provincia e que se solicitan os exames correspondentes as dúas mellores notas resultaría sinxelo identificar aos seus autores polo que neste caso, e en consonancia co criterio da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD, PS/00009/2019) e da Autoridad Catalana de Protección de Datos (APDCAT, IAI 32/2019 do 5 de xullo de 2029, Resolución 301/2019) a anonimización dos documentos non tería ningún efecto real.

No caso concreto dos procesos selectivos, tamén existen sentencias moi recentes que determinan que non é correcto acceder aos seus documentos ao amparo de la LTAIBG. Neste sentido se pronuncia a Sentencia de data 5 de decembro de 2019, do Xulgado Central nº 5 de Madrid, sobre acceso ás probas de resultados, as plantillas de resultados e os casos prácticos, que se pronuncia nestes términos: "Carece de toda justificación la pretensión del reclamante a tenor no solo de lo dicho en orden a la finalidad de la Ley, sino de la norma constitucional y del resto del ordenamiento jurídico. El hecho de poder contar con los exámenes, enunciados y resultados de las distintas pruebas de acceso a las especialidades indicadas, nada tiene que ver con el objeto y fin de transparencia que promulga la norma. (...) La convocatoria prevé el derecho de revisión de exámenes, existiendo con ello la posibilidad de que los aspirantes no solo puedan consultarlos, sino también, que puedan comprobar todas las preguntas y respuestas, realizando al órgano de selección cuantos comentarios, alegaciones o impugnaciones tengan por convenientes, más aún cuando se publican la plantilla de respuestas correspondientes. (...). En suma, no estamos ante información susceptible de ser concedida al exceder de la finalidad de la propia norma invocada; y en cualquier caso, prevalece el superior interés público, al privado del reclamante."

Esta consideración é a adoptada pola AEPD, que ten publicado como criterio xeral en materia de acceso á documentación do resto de candidatos dun proceso selectivo que: "no podrán utilizar los datos a que tengan acceso para una finalidad distinta a aquélla de la defensa de su derecho en el procedimiento de que se trate o posteriormente en vía judicial. De este modo la utilización para otras finalidades, su comunicación a terceros o su divulgación pueden ser constitutivas de una infracción a lo previsto en la LOPD".

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia desta Deputación, e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2025000361, do 20 de xaneiro de 2025, de delegación das atribucións da Presidencia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- INADMITIR as solicitudes de acceso a información pública de ***** con CSV: ***** de acordo co previsto no artigo 15.3.e 18.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante e das persoas sobres as que se solicita o acceso.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Comisión de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.